

Galicia durante a crise da Restauración

2.- Os conflitos sociais: agrarismo e obreirismo

- Os conflitos sociais desorganizados e descontinuos da Galicia do século XIX
 - Dan paso agora a **movementos organizados** que canalizan de forma permanente o descontento e as reivindicacións dos traballadores
- En Galicia, a gran maioría destes seguían a ser os labregos
 - En réxime de foro ou, en menor medida, de arrendamento e de parcería
 - Tiñan un nivel de vida baixo
 - Desexaban conseguir a propiedade plena das terras que cultivaban
- Todo isto alimentou o **desenvolvemento do agrarismo**
 - É un movemento social autóctono
 - Foi, sen dúbida, o máis importante do país no primeiro terzo do século XX
- Pero tamén había obreiros na industria e nos servizos
 - Aínda que o seu número foi pequeno en comparación cos labregos
 - Fóronse organizando en **sindicatos** para a defensa dos seus intereses, contrapostos aos dos patróns: suba de salarios, redución da xornada laboral, mellora nas condicións de vida e de traballo
 - O obreirismo en Galicia seguiu as mesmas pautas ideolóxicas e organizativas que no resto de España
 - Encadrouse nas súas dúas grandes correntes: o **anarco-sindicalismo** e o socialismo

2.1. O agrarismo (1)

- **Nacemento do verdadeiro agrarismo** en 1907 en coincidencia coa experiencia política de Solidaridad Gallega
- O agrarismo é un movemento moi heteroxéneo e en perenne división durante a súa traxectoria:
 - Carece dunha orientación política clara
 - Mantén a independencia organizativa respecto de partidos e sindicatos convencionais
 - É campo de competencia e de infiltración das principais tendencias ideolóxicas presentes na sociedade galega
- **O agrarismo rexionalista** é o máis “político”:
 - É impulsado por **Solidaridad Gallega** en 1907
 - Organiza as Asembleas Agrarias de Monforte en 1908, 1910 e 1911
 - Promove unha reforma agraria baseada en:
 - A mellora técnico-productiva das explotacións
 - O cooperativismo
 - A resolución da cuestión do foro
 - Organiza a loita anticaciquil, especialmente nos concellos rurais da provincia da Coruña, nas comarcas de Ferrol, Betanzos, Pontedeume e Arzúa

2.1. O agrarismo (2)

- Logo aparece un **agrarismo fortemente reivindicativo**:
 - Creación da **Liga de Acción Gallega**
 - É a primeira organización agraria
 - Está liderada por **Basilio Álvarez**, famoso por:
 - Os seus mitins multitudinarios
 - A súa oratoria incendiaria contra os foros e os caciques
 - Chega a agrupar a 60.000 asociados
 - Resposta contundente do goberno, que envía á Garda Civil a disolver a tiros as concentracións:
 - Oseira, en 1909, con 7 mortos
 - Nebra, en 1916, con 20 mortos
 - Narón e Sofán, en 1917, con 25 mortos
 - Guillarei, en 1922, con 4 mortos
- Despois o movemento adopta a forma de **rede de sociedades agrarias**, sobre todo nas provincias de Pontevedra e Ourense
 - Agrúpanse en Federacións Provinciais e na Confederación Rexional
 - Organiza en 1922 o I Congreso Rexional en Tui, presidido por Basilio Álvarez

Reivindicacións agrarias

- Cando cheguei aquí atopeime cun problema de despensa e outro de escravitude. A fame fixera presa nos campos, os caciques explotaban os meus irmáns e o foro encadeáboas á terra que regaban coa súa suor. (...) Procuramos asaltar a vella fortaleza con brío de dinamita. A nosa piqueta demoledora está nesa fragua de enerxía que lle debemos ao noso Deus. (...)
- Desenmascarar os ladróns é o labor vulgarizador máis santo. E os ladróns son os que vos envían a América, cobrándovos dobre pasaxe, e ladróns son os que non lles pagan o equitativo aos seus operarios ou lles prexudican os seus xustos aforros con violencia, con fraudes ou con usuras manifestas ou encubertas, e ladróns os que someten a traballos desproporcionados as súas forzas ou mal avidos coa idade ou co sexo. (...)
- Irmáns, antes a morte que non ver a Galicia redimida!
- **Discurso de Basilio Álvarez en Ribadavia, 1912**
- **Identifica os problemas aos que alude o texto**
- **Sitúaos dentro dos movementos sociopolíticos da época**

2.2. O movemento obreiro

- **Crecedemento feble e lento do socialismo en Galicia**
 - En 1891 fúndase en Ferrol a primeira Agrupación Socialista de Galicia
 - En 1904 lévase a cabo o Congreso constituínte da Federación Galega do PSOE, con representantes de 10 agrupacións
 - En 1923 só conta con 650 afiliados
 - Durante a 2ª República o PSOE acada certa entidade:
 - En 1932 ten 3500 militantes repartidos en 78 lugares
 - A súa actividade sindical é algo máis eficaz:
 - Creación dunha rede de sociedades de resistencia
 - Convocan numerosas folgas, especialmente nos sectores da construción e das artes gráficas
- **O anarquismo**
 - Mantense moi recluído no seu feudo coruñés
 - Nos anos da Primeira Guerra Mundial acada certa implantación en Vigo e outros lugares
 - Accións contra a carestía da vida en 1916
 - Repercusións en Galicia da folga xeral de 1917
- **Coa chegada da República avívase o movemento obreiro**
 - A CNT e a UGT amplían considerablemente os seus efectivos e a súa presenza territorial
 - Aumenta o número dos conflitos sociais
 - Salienta o dos traballadores da pesca e da conserva en Vigo en 1932
 - Non chega a ter a incidencia política que tivo noutras zonas do Estado español



Na Fábrica de Tabacos da Coruña
traballaron ao redor de 3000 mulleres.



Ricardo Mella (Vigo, 1861 – Pontevedra, 1925), un dos teóricos máis importantes do anarquismo español, tratou de estender o pensamento anarquista entre o campesiñado galego.

3. A crise da Restauración e a Ditadura en Galicia

- Galicia é un dos bastións da Restauración monárquica
- As redes do caciquismo continúan funcionando sen demasiados problemas

3.1. A firmeza da Restauración en Galicia

- **Representación de Galicia nas Cortes** de Madrid ata 1923:
 - Totalmente monopolizada polas diferentes familias de liberais e conservadores
 - Excepción dun só deputado republicano pola cidade da Coruña
 - Os concelleiros republicanos son moi numerosos e ás veces maioritarios
 - Non poden acceder ao goberno real da cidade, pois os alcaldes son nomeados polo goberno central
- Salientan polo seu dominio político:
 - Eugenio Montero Ríos, persoeiro do Partido Liberal morto en 1914
 - Os seus dous xenros:
 - Eduardo Vicenti
 - Manuel García Pietro, deputado por Santiago sen interrupción durante 20 anos
 - O marqués de Riestra, que controla a meirande parte da provincia de Pontevedra
 - Maura dixo que “España ten 49 provincias e a do marqués de Riestra”



O marqués de Riestra e outros notables galegos da Restauración, en 1908.

3.2. Solidaridad Gallega

• Coalición electoral creada en 1907


- Converxen nela republicanos, rexionalistas, carlistas, socialcatólicos, e algúns rexeneracionistas independentes
- O seu obxectivo é iniciar a rexeneración de Galicia e de España
- Xorde a imitación de Solidaritat Catalana e o seu éxito electoral de 1906
- O movemento de rexeneración céntrase na Coruña e na súa área de influencia
 - Publícanse algúns periódicos de curta vida
 - Fanse grandes mítins, coa presenza de dirixentes catalás
- Fracaso electoral, o que amosa a fortaleza do sistema da Restauración en Galicia

• Derivación do movemento polos vieiros anticaciquís:

- Conexión co nacente agrarismo en varias vilas e comarcas: Betanzos, Pontedeume, Arzúa, Monforte, Chantada...
- Conflitos virulentos na bisbarra de Betanzos
 - Os solidarios acadan 258 concelleiros nas elccións municipais de 1909
 - Reacción governamental especialmente dura

- O movemento apágase ao carecer dunha organización e dirección políticas

CAMPAÑA ANTICACIQUIL E AGRARISTA (1909)



3.3. Ditadura e Mancomunidade frustrada (1)

- **Apoio inicial ao golpe de Estado de Primo de Rivera dalgúns nacionalistas, republicanos e agraristas:**
 - Recíbena con certa esperanza polas súas promesas de:
 - Acabar co caciquismo
 - Concederlles certa autonomía administrativa ás rexións
 - **José Calvo Sotelo** é un dos dirixentes do novo réxime
 - Acadara en 1918 acta de deputado no Carballiño co apoio de Antón Losada, dirixente do sector dereitista do galeguismo
 - Nomeamento dalgúns dirixentes nacionalistas e agraristas para as novas deputacións provinciais
 - **Promesa da concesión a Galicia dunha Mancomunidade**, semellante á catalá
 - Reunión dos representantes das 4 deputacións provinciais en Santiago
 - Pronúncianse favorablemente, lideradas por Vicente Risco e Antón Losada
- **Política centralista e intolerante** cos rexionalismos e nacionalismos do Directorio Militar
 - Esquece rapidamente os seus pronunciamentos de primeira hora
 - Intenta montar un partido único, a Unión Patriótica, que fracasa tamén en Galicia

A Mancomunidade galega

- Reunidos en Santiago o día 26 de marzo (de 1924) os representantes designados polas catro Deputacións provinciais de Galicia, acordan:
- Primeiro: Ratificar os acordos favorables á implantación da Mancomunidade das citadas provincias, xa adoptados polas respectivas Deputacións.
- Segundo: Declarar solemnemente establecida a unidade de acción das catro provincias de Galicia, que por medio das súas Deputacións representadas polos seus Presidentes elevarán a voz da Rexión ante os poderes do Estado para todo canto se refira aos seus comúns intereses morais e materiais.
- Terceiro: Acordan igualmente declarar de urxente conveniencia para a vida espiritual e económica de Galicia a formulación da citada Mancomunidade, que se deberá facer canto antes sexa promulgado o anuncio do Estatuto provincial e rexional (...).
- **Acta inédita da reunión**
- **Explica que era unha Mancomunidade?**
- **Por que non foi adiante esta iniciativa?**

3.3. Ditadura e Mancomunidade frustrada

(2)

- **Rexurdimento tamén en Galicia das forzas democráticas e de esquerda**
 - Aproveitan o periodo de maior tolerancia para as actividades políticas do xeneral Berenguer
 - Creación da **Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA)**, na que converxen en setembro de 1929:
 - Os republicanos autonomistas da Coruña, dirixidos por **Casares Quiroga**
 - O grupo nacionalista da Coruña, encabezado por **Antón Vilar Ponte**
 - Reorganización dos demais galeguistas, republicanos e socialistas
- **Dous grandes acordos** entre as forzas reagrupadas:
 - **O Pacto de Lestrove**
 - Asinado pola ORGA e Alianza Republicana o 27 de abril de 1930
 - Constitúese a **Federación Republicana Gallega**
 - O seu obxectivo é promover:
 - Unha república democrática
 - A autonomía de Galicia
 - **O Compromiso de Barrantes**
 - Asinado por republicanos, agraristas e nacionalistas o 25 de setembro de 1930
 - Ten o mesmo obxectivo que o Pacto de Lestrove

O republicanismo autonomista

- Cego sería o que non vexa como o sentimento racial, que tantas veces fixo latexar xuntos os corazóns galegos, se está a transformar nunha conciencia colectiva. A personalidade de Galicia –idiomas, usos, caracteres, problemas–, defínese cada vez máis vigorosamente. (...) Queremos forxar unha Galicia grande e poderosa; pero non túzara e encrespada enfronte de España, senón plena de fraterna cordialidade cara ás demais rexións españolas. (...) Non só por amor á nosa terra, senón tamén por amor a España, quixéramos facer da nosa Galicia un emporio de riqueza e de cultura. Precisamente así, procurando cada rexión superarse e engrandecerse polo seu propio esforzo, é como poderemos chegar a crear unha España poderosa, e, irmanados con Portugal, poder conseguir que Iberia alce a súa nobre figura nos futuros Estados Unidos de Europa. (...) Por iso (...) é polo que somos estritamente federais e rigorosamente republicanos (...). Por iso estaremos sempre enfronte da ditadura. Doutrinal e practicamente somos inimigos dela. Inimigos francos e declarados. (...) Para nós non hai máis que unha normalidade posible: o goberno do pobo polo pobo; a vontade nacional, soberana; a conciencia colectiva e civil sendo a única dona de dispoñer os derroteiros nacionais; a República, en suma. (...)
- **ORGA, outubro de 1929**

4. A novidade política: o nacionalismo galego

- A diferenza cualitativa do panorama político galego respecto do xeral de España é:
 - A existencia dun nacionalismo alternativo ao español
 - É herdeiro do provincialismo e do rexionalismo do século XIX
 - Evoluciona dende as Irmandades da Fala ata a creación do Partido Galeguista na Segunda República

4.1. Do Rexionalismo ás Irmandades da Fala (1)

- **Redución do rexionalismo galego a actividades culturais e publicitarias nos primeiros anos do século XX**
 - Solidaridad Gallega revitalízao en 1907
 - Amplía a súa presenza en contacto co agrarismo solidario
 - Aparece a primeira **A Nosa Terra** entre 1907 e 1908
 - Novo eclipse entre 1912 e 1916 pola súa incapacidade para formar unha organización política estable
- Creación da **1ª Irmandade da Fala** o 18 de maio de 1916
 - Fúndase na Coruña nunha reunión convocada polos **irmáns Antón e Ramón Villar Ponte**
 - Constitúese nos meses seguintes noutras cidades e vilas: Santiago, Ferrol, Ourense, Pontevedra, Monforte, Vilalba...
 - En novembro publícase a 2ª A Nosa Terra (1916-1936), agora integramente en galego
- As Irmandades
 - Chegan a ter uns 700 afiliados
 - Están presentes nunhas 20 localidades de Galicia e nas colonias galegas de Cuba e Arxentina



El Nacionalismo es un régimen de libertad, y toma por objeto restaurar el esplendor natural de la variedad en la unidad, reconstruyendo la personalidad de las regiones dentro del Estado, y proclamando el derecho que tienen de regir por sí mismas sus particularidades laterales.

Las regionalidades gallegas económicas y de lengua como absolutamente necesarias para la felicidad de la Patria, la más estrecha y fraternal unión de todas las regiones que constituyen el Estado español; pero también en todas las circunstancias en todos los órdenes de la vida de las poblaciones, el particular bienestar de todas mediante una suprema libertad regional y municipal.

SUMARIO

«Fraternidad Gallega», por Manuel Murguía.—«Revolución», poesía en gallego, por M. Lugris Freire.—«A luchar», por J. B.—«Meus amores», poesía en gallego, por Salvador Golpe.—«Solidaridad Gallega», por Viriato.—«A carón do lar. Os lobos», por Asilumeiro.—«Cuestión palpitante».—Actualidad.—«Prejuicios».—Poesía en gallego por Eduardo Pondal.—Variedades.

FRATERNIDAD GALLEGA

LUGO Y LA CORUÑA

nuestro horizonte no sea presagio de los días de felicidad que anhelamos para Galicia?

Se dijo en otro tiempo que era tan difícil desunir a los catalanes, como unir a los gallegos. Entre las muchas paradojas que acerca de nuestro país hemos tenido que soportar, es tal vez esta la que mayor daño nos haya causado. No; la tendencia individualista propia de nuestra raza, no es opuesta a la unión que debe reinar entre nosotros. No somos más individualistas que los catalanes, ni más que los ingleses. Lo que aquí nos falta es lo que catalanes e ingleses tienen, esto es, la práctica de la unión, la virtud de la unión, los visibles ventajas de la unión. Creceremos de ellas, por las especiales condiciones de la población de nuestro país, más no porque nos estén negadas.

No le digas al campesino, —que es quien lleva las

▼
Primeiro número de *A Nosa Terra*, principal órgano do nacionalismo galego entre 1916 e 1931.

O nacionalismo galego

- “Tendo Galicia todas as características esenciais da nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba “rexionalismo” non recolle todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas (...).
- 1º. Autonomía integral para Galicia (...).
- 3º. Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.
- 4º. Federación da Iberia”.
- **Manifesto da Asembleia Nazionalista de Lugo, 1918**



Decálogo nacionalista distribuído en 1921, primeiro ano no que o nacionalismo celebrou o Día de Galicia (25 de xullo).

4.1. Do Rexionalismo ás Irmandades da Fala (2)

- No seo das Irmandades conviven **dúas tendencias**:
 - **A tradicionalista**
 - Fondamente católica e ruralista
 - Oposta a calquera alianza política coas esquerdas republicanas
 - Reticente a participar nas eleccións
 - **A liberal-democrática**
 - Filorrepblicana
 - Partidaria da actuación política en todos os ámbitos
- **Escisión** na IV Asemblea en Monforte en marzo de 1922 entre:
 - **A Irmandade da Coruña**
 - É a agrupación máis importante
 - É o bastión dos liberais
 - **A Irmandade Nazonalista Galega**
 - Inclúe aos restantes grupos
 - Está presidida por **Vicente Risco**, o maior ideólogo nestes anos
- Pobre balance político das Irmandades
 - Só consegue algúns postos de concelleiros nas eleccións municipais entre 1916 e 1923
 - Salienta **Luís Peña Novo** na Coruña en 1920
 - Causas:
 - Divisións e discrepancias internas
 - Febleza social do nacionalismo
 - Dificultades que opón o sistema da Restauración

4.2. As Irmandades da Fala (1916-1930)

- Desbandada dos nacionalistas durante a ditadura de Primo de Rivera
 - Refúxianse na teoría e na cultura: literatura, etnografía, plástica, ensaio...
 - Salientan:
 - A **revista Nós** (1920-1936), que dá nome a toda a xeración
 - O **Seminario de Estudos Galegos**, fundado en 1923
- Rexurdimento do nacionalismo en 1929
 - Ten máis forza que antes
 - Segue dividido
 - Os coruñeses
 - Desconfían das posibilidades dunha acción política independente
 - Converxen cos republicanos de Casares Quiroga na formación da ORGA
 - No resto de Galicia:
 - Proliferan a **refundacións de Irmandades e Grupos Galeguistas**
 - Mesmo aparecen onde antes non había, especialmente nas provincias de Ourense e Pontevedra
 - Salientan:
 - » Grupo Autonomista de Vigo, dirixido por Valentín Paz Andrade e o arquitecto Gómez Román
 - » Partido Galeguista de Pontevedra, encabezado por Bóveda e Castelao
 - » Partido Nazonalista Republicán de Ourense, liderado por Risco e Otero Pedrayo